

Concello de Moeche



A Coruña

RELACION DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA CORPORACION DO CONCELLO DE MOECHE NA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTAOITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE

1.- Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012, bases de execución e plantilla de persoal

Sometese o Pleno da Corporación o dictamen da Comisión Especial de Contas de data 26 do mes a correr que literalmente di:

Visto o proxecto de Orzamento Municipal formado para o exercicio económico de 2.012, que ascende, tanto en ingresos como en gastos a cantidade UN MILLON VINTASEIS MIL OITOCENTOS VINTA SEIS EUROS CON SETENTA E OITO CENTIMOS (1.026.826,78 €) presentándose, en consecuencia, nivelado. E considerando:

1º.- Que as consignacións do Estado de Gastos do Orzamento son as necesarias para cumprir as obrigacións esixibles o Concello e para desenvolver a xestión que o Concello ten encomendada.

2º.- Que no Estado de Ingreso se fai uso dos recursos autorizados pola Lei en contía suficiente para cubrir as obrigacións e necesidades da Corporación, estimándose por outra parte acordos coas posibilidades dos contribuintes.

3º.- Que as Bases de Execución para o mellor desenvolvemento do Orzamento enténdense como as máis prudentes e apropiadas para a efectividade do mesmo.

4º.- Que o referido Orzamento no contén déficit inicial, cumpríndose así o requisito esixido no art. 146.4 da Lei 39/1.988 de 28 de decembro.

Vista, igualmente, a relación de postos de traballo que se propon que integren a plantilla desta Corporación, e, en cumprimento do art. 90 da Ley 7/85 que establece que corresponde a cada Corporación local, aprobar anualmente, a través do Orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, personal laboral e eventual, respondendo os principios de racionalidade, economía e eficacia.

Estimando que existe consignación suficiente no Orzamento Municipal para dotar as plazas integradas na plantilla municipal.

Tendo en conta que tanto o Orzamento como a Plantilla de Persoal se axustan os principios legais sobre a materia, contidos na Lei 7/1985 de 2 de abril, Lei 39/1988 de 28 de decembro, Real decreto 500/1990 de 20 de abril e demais disposicións concordantes, **a Comisión Especial de Contas, con DOUS (2) votos a favor e UNHA (1) abstención do Sr. Brañas Castro acorda dictaminar favorablemente o Orzamento presentado propoñendo o Pleno da Corporación a adopción do seguinte:**

ACORDO

1º Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2012 sendo o seu resumo, a nivel de capítulo, o seguinte:



Concello de Moeche

A Coruña

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A.- OPERACIONES CORRENTES	
1	Gastos do persoal	378.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	429.927,67
3	Gastos financeiros	11.250,00
4	Transferencias correntes	8.000,00
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	827.177,67
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	172.149,11
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	27.500,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	199.649,11
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.026.826,79

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A.- OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos directos	227.500,00
2	Impostos indirectos	15.000,00
3	Tasas e outros ingresos	167.108,10
4	Transferencias correntes	451.627,67
5	Ingresos patrimoniales	1.500,00
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	862.735,77
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	164.091,01
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	164.091,01
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	1.026.826,78

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Orzamento.

3º.- Asimesmo, prestala súa aprobación á Plantilla de Persoal e relación de postos de traballo que se une como anexo o presente acordo.

4º.- Que se expoña o público polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do RDLeg. 2/12004 Texto refundido da Lei de Facendas Locais.

5º.- No suposto de non presentarse reclamacións en contra do presente acordo, entenderáse definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos nos artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril e 169 do RDLeg. 2/12004 . Noutro caso obrará conforme o prevenido no nº 1 deste último artigo.

6º.- Facultase á Alcaldía para que adopte totalas medidas precisas para o cumprimento das previsións contidas no documento aprobado,

Concello de Moeche



A Coruña

A N E X O PLANTILLA DE PERSONAL AÑO DE 2.010

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACION	GRUPO	Nº	NIVEL C. D.	CUBERTAS	VACANTES
Secretaría-Intervención	A ₁ /A ₂	1	28	1	0
Axente Desenvolvemento Local	A ₂	1	22	1	0
Traballador/a social	A ₂	1	22	1	0
Arquitecto Tecncio 1/2 xornada	A ₂	1	22	1	0
Administrativo	C ₁	1	20	1	0
Auxiliar Administrativo	C ₂	1	18	1	0

B) POSTOS DE TRABAJO SOMETIDOS A LEXISLACION LABORAL

Personal laboral fixo

DENOMINACION	TITULACION ESIXIDA	Nº	CUBERTAS	VACANTES
Encargado Biblioteca e P.I.X. /Xulgado de Paz (xornada reducida 3/4)	Graduado ESO	1	1	0
Conductor vehiculos e maquinaria	Graduado ESO	1	1	0
Peon -operario (1/2 xornada)	E. Primarios	1	1	0

Personal laboral eventual

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	Nº de prazas
Animador deportivo	1
Auxiliares servizo axuda domicilio	3
Auxiliar servizo axuda domicilio , 3 meses suplencia vacacions)	1

Sometida a votación a proposta presentada resultou **APROBADA** con **TRES (3)** votos a favor e **CATRO (4)** abstencions .